



## CAMBIOS NA XESTIÓN DA INCAPACIDADE TEMPORAL A PARTIR DO 1 DE DECEMBRO

O Real Decreto 625/2014, de 18 de xullo, polo que se regulaban determinados aspectos da xestión e control dos procesos por incapacidade temporal nos primeiros 365 días da súa duración, introduciu modificacións na xestión da Incapacidade Temporal. O maior cambio que traía ese Real Decreto versaba sobre a expedición dos partes médicos de baixa, de confirmación e de alta. Para desenvolvelo ditouse a Orde ESS/1187/2015, de 15 de xuño, que regula con máis detalle os procesos de tramitación, expedición e funcionamento destes partes médicos, así como o control das situacións de incapacidade temporal. **Esta Orde entrará en vigor o 1 de decembro de 2015.**

O primeiro a destacar desta Orde é a introdución de novos modelos de partes médicos de baixa/alta e de confirmación da incapacidade temporal, os cales se poden ver nos seus anexos. Doutra banda, tanto o Real Decreto como a Orde clasifican os procesos de IT segundo a súa duración e en base a esta duración estimada (a estimación farase con referencia a unhas táboas elaboradas en función das estatísticas dos últimos anos) establécese **cando deben expedirse os partes de confirmación da baixa médica:**

### PARTE DE BAIXA.

O persoal facultativo terá que escribir a duración estimada do proceso e as baixas clasificaranse en función desa duración:

- moi curta: inferior a 5 días naturais
- curta: de 5 a 30 días naturais
- media: de 31 a 61 días naturais
- longa: mais de 61 días naturais

### PARTE DE CONFIRMACIÓN.

Dependendo da duración:

- **Baixas de moi curta duración.** O/A traballador/a non terá que ir recoller a alta. O persoal facultativo emite a baixa e a alta no mesmo parte médico. O/A traballador/a poderá solicitar recoñecemento médico para o día da alta, se considera que non está inda recuperado/a.
- **Baixas de máis de 5 días.** No parte de baixa sempre figurará a data da próxima revisión.
  - Curta - 1º parte máximo 7 días, 2º e sucesivos 14 días
  - Media - 1º parte máximo 7 días, 2º e sucesivos 28 días
  - Larga - 1º parte máximo 14 días, 2º e sucesivos 35 días

**Modificación ou actualización do diagnóstico.** Emitirase un parte de confirmación co diagnóstico actualizado, a duración estimada e a data de revisión.

**Cambio de Servizo Público de Saúde que presta servizos.** Emitirase un parte de confirmación no que se recolla o novo servizo e a data da próxima revisión.

### **PARTE DE ALTA.**

Pode ser por curación, melloría, recuperación da capacidade laboral, proposta de incapacidade permanente, inicio da situación de maternidade, ou comparecencia a revisión médica.

### **TRAMITACIÓN DOS PARTES ALTA/BAIXA E CONFIRMACIÓN.**

Presentación na empresa pola persoa traballadora:

- Parte de baixa e confirmación, en 3 días a partir da data de emisión.
- Parte de alta, dentro das 24 horas seguintes á emisión.
- IT de moi curta curación, parte de baixa/alta dentro das 24 horas da data de alta. Se a/o facultativa/o emite o 1º parte de confirmación (se se solicita revisión e a/o facultativa/o estima que non pode haber alta), dentro das 24 horas da emisión.

Desde a **CIG-Saúde** denunciámos que na tramitación do marco legal da regulación da xestión das Baixas Laborais non se escoitou as e os profesionais e non se teñen en conta os dereitos das e dos pacientes.

Diante da entrada en vigor da reforma están aínda moitos aspectos sen aclarar, como **quen e en que momento ten a competencia para emitir a baixa**, e en que condicións se fai o seguimento. Tampouco están dispoñibles as **táboas de tempos medios de duración das baixas en función dos diagnósticos e das condicións dos postos de traballo**, táboas que, ademais, non poden condicionar a capacidade do profesional para establecer a duración da baixa.

Coa posta en marcha desta reforma **incrementábase a burocratización do traballo** das e dos médicos de Atención Primaria coa elaboración de informes repetidos que non garanten un mellor seguimento clínico das e dos pacientes e que só ten xustificación na **presunción, non xustificada, de fraude xeneralizado por parte das traballadoras e traballadores.**

